

II CIRCUITO PROVINCIAL DE CARREIRAS POPULARES



**Deputación
DA CORUÑA**



**FEDERACIÓN GALEGA
DE ATLETISMO**

II CIRCUITO PROVINCIAL DE CARREIRAS POPULARES DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

ARTIGO 1º.- CALENDARIO DE PROBAS

O II Circuito Provincial de Carreiras Populares Deputación Provincial de A Coruña, desenvolverase durante o ano 2014 e estará integrado por 18 carreiras populares. No seguinte cadro indícanse as datas, lugares e denominación. En todas as probas desenvolveranse carreiras para todas as categorías: dende as inferiores ata as veteranas.

DATA	PROBA	CONCELLO
04/05/2014	XI CARREIRA POPULAR DE O PINO	O PINO
11/05/2014	XIX CARREIRA POPULAR DE ORDES	ORDES
31/05/2014	II CARREIRA POPULAR CONCELLO DE TOURO	TOURO
15/06/2014	IV CARREIRA POPULAR CONCELLO DE CARBALLO	CARBALLO
21/06/2014	I CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE CEE	CEE
12/07/2014	III CARREIRA CORRESAN NOCTURNA DE SANTIAGO	SANTIAGO
02/08/2014	XXIII MILLA URBANA DE ARES	ARES
15/08/2014	XV CARREIRA POPULAR CONCELLO DE CAMBRE	CAMBRE
	III CARREIRA POPULAR SOLIDARIA PISCINA MUNICIPAL DE MUROS	MUROS
31/08/2014	XVIII CARREIRA PEDESTRE POPULAR DE NOIA	NOIA
07/09/2014	XXXII CARREIRA POPULAR SAN XOAN DE PIÑEIRO	MUGARDOS
13/09/2014	III CARREIRA NOCTURNA CONCELLO DE FERROL	FERROL
21/09/2014	III MILLA URBANA CONCELLO DE VALDOVIÑO	VALDOVIÑO
28/09/2014	XVII CARREIRA POPULAR SANTA UXIA DE RIBEIRA	RIBEIRA
05/10/2014	VII CARREIRA POPULAR CORUÑA 10	A CORUÑA
12/10/2014	IV CARREIRA DO AGUAA UNICEF	SADA
19/10/2014	XV CARREIRA POPULAR DE AMES	AMES
10/11/2013	XXXV CARREIRA POPULAR DE NEGREIRA	NEGREIRA

II CIRCUITO PROVINCIAL DE CARREIRAS POPULARES DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

ARTIGO 2º.- CONTROL TÉCNICO DO CIRCUITO

O *II Circuito Provincial de Carreiras Populares Deputación Provincial de A Coruña*, estará controlado técnicamente pola Federación Galega de Atletismo, a través das súas Delegación en A Coruña, Santiago e Ferrol, así como polo Departamento de Estadística da FGA.

ARTIGO 3º.- CUMPRIMENTO DAS NORMAS VIXENTES

Cada unha das probas que integran o Circuito está suxeita ós criterios mínimos obrigados que se establecen oficialmente para a organización de carreiras en ruta, aprobadas pola Xunta Directiva da Federación Galega de Atletismo e publicadas na circular, número 68/2008, acorde cas actuais regulamentacións de Seguridade Vial do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia que estipula os requisitos que as autoridades esixen para a autorización da celebración de probas deportivas na vía urbana (*Real Decreto 1428/2003 de 21 Novembro publicado no BOE nº 306 do 23 de Decembro do 2003 sobre a ocupación da vía pública e Real Decreto 849/1993 de 4 de Xuño do 2003, sobre a contratación do seguro de responsabilidade civil e de accidentes, incluído o seguro obrigatorio deportivo*).

ARTIGO 4º.- CATEGORÍAS DOS PARTICIPANTES

As categorías que poderán tomar parte neste *II Circuito Provincial de Carreiras Populares Deputación Provincial de A Coruña*, son as seguintes:

	CATEGORÍA	NADOS/AS
MENORES	Benxamín	2005-2006
	Alevín	2003-2004
	Infantil	2001-2002
	Cadete	1999-2000
	Xuvenil	1997-1998
ABSOLUTA	Absoluta	1996 ata veteran
	Veterano 1	De 35 a 40 anos cumpridos ata o día da proba
	Veterano 2	De 41 a 49 anos cumpridos ata o día da proba
	Veterano 3	De 50 a 59 anos cumpridos ata o día da proba
	Veterano 4	A partir de 60 anos de idade cumpridos ata o día da proba

II CIRCUITO PROVINCIAL DE CARREIRAS POPULARES DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Todas las categorías serán asignadas según corresponda el día de la primera competición del circuito, manteniéndose durante todo el resto de pruebas, hasta el final del circuito, independientemente de que se produzca cambio de categoría en veteranos, por cumplimiento de edad, o que se cambie de categoría federada a primeros de noviembre.

Moi importante: As organizacións das respectivas carreiras terán a potestade de esixir o D.N.I. tanto na entrega de dorsais como na entrega de premios. Ante a ausencia de documentación ou dúbida sobre a mesma, será a organización de cada carreira quen resolva a incidencia, autorizando ou denegando tanto a participación do atleta como a entrega do premio.

ARTIGO 5º.- PRAZOS DE INSCRICIÓNS E PARTICIPANTES

O prazo de inscrición para tomar parte no *II Circuito Provincial de Carreiras Populares Deputación Provincial de A Coruña* quedará aberto ata o mes de setembro.

As inscricións en cada unha das carreiras populares pódense efectuarse a través do sistema **on-line** na páxina web da FGA www.carreirasgalegas.org, salvo ca organización respectiva desexe habilitar outro sistema. A listaxe de inscritos será publicado na web da FGA e actualizada diariamente.

ARTIGO 6º.- MOTIVOS DE DESCALIFICACIÓNS

As descalificacións de atletas nunha carreira levará aparellada a perda de todos aqueles puntos e premios obtidos polo atleta infractor na proba de que se trate, non se tendo en conta para os efectos de puntuación do seu equipo. Consideraranse as seguintes conductas antiregulamentarias do atleta:

- Non levar o dorsal perfectamente colocado en toda a súa extensión (no peito durante todo o percorrido) ata a súa entrada na Meta.
- Participar cun dorsal que corresponde a outro corredor
- Non pasar polos controis de carreira establecidos.
- Non realizar o percorrido de carreira completo.
- Non atender as indicacións dos membros da Organización ou xuíces.
- Entrar fóra da hora prevista pola organización como tempo máximo de duración da proba.
- Pretender participar na carreira popular sen terse inscrito previamente.
- Aquela conducta que sexa estimada como antideportiva, sempre que non sexa motivo de expulsión do Circuito.

II CIRCUITO PROVINCIAL DE CARREIRAS POPULARES DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

- Calquera outras de análoga natureza, que a xuízo da Organización da carreira poida ser considerada como conducta antideportiva merecedora de sanción disciplinaria.
- Ser reincidente nalgunha infracción de descualificación de carreira.
- Realizar a inscrición alterando os datos de forma maliciosa.
- Manter unha actitude groseira, violenta, ou que en xeral atente na contra do espírito deportivo.
- Calquera outras de análoga natureza, que a xuízo do Comité poidan ser consideradas como conducta antideportiva merecedora de sanción disciplinaria.

ARTIGO 7º.- PROCEDEMENTO DE SANCIÓN

O Comité de Competición do *II Circuito Provincial de Carreiras Populares Deputación Provincial de A Coruña* actuará, previa denuncia presentada por escrito nos 3 días seguintes á carreira onde se cometeu a infracción.

Examinada a denuncia polo Comité, trasladarase dita denuncia ó interesado para, nos 5 días seguintes, realice as alegacións oportunas.

Transcorrido o prazo, con ou sen presentación de alegacións, o Comité resolverá o que proceda; sendo a súa decisión única e inapelable.

O Comité resérvase o dereito de actuar de oficio cando concorran causas excepcionais que así o aconsellen.

ARTIGO 8º.- NORMATIVA DE CLASIFICACIÓNS E PREMIOS

- A.** Premios en cada proba. Haberá premios individuais para os/as tres primeiros/as clasificados/as en cada carreira, segundo a súa categoría. Outros posibles premios en cada unha das carreiras que compoñen o circuito serán determinado e aportado pola Organización de cada carreira.
- B.** Premios do *II Circuito Provincial de Carreiras Populares Deputación Provincial de A Coruña*. Outorgaranse premios individuais e por equipos, tras o cómputo de todas as probas que compoñen o circuito.

II CIRCUITO PROVINCIAL DE CARREIRAS POPULARES DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

CLASIFICACIÓN INDIVIDUAL (CATEGORÍA ABSOLUTA): Para poder optar ós premios da Clasificación Xeral individual (só na categoría absoluta), no *II Circuíto de Carreiras Populares Deputación Provincial de A Coruña*, os atletas deberán ter participado como mínimo en oito das dezaioito probas.

Esta clasificación estará determinada pola posición acadada en cada carreira. Puntuarán en cada proba os/as 10 primeiros/as, outorgando 10 puntos ao 1º; 9 puntos ao 2º..... E así sucesivamente ata o 10º que sumará 1 punto. Ao final do *II Circuíto de Carreiras Populares Deputación Provincial de A Coruña* sumarase a puntuación de cada un dos participantes nas diversas carreiras para establecer a Clasificación Xeral.

CLASIFICACIÓN POR CLUBS DO CIRCUITO: Na Categoría de Clubs valorarase o número de participantes de cada club nas diferentes carreiras independentemente do posto dos seus compoñentes en cada unha delas. Esta categoría dividirase en dúas, Categoría por Clubs de Menores (cómputo total de participantes de cada club ou colexio nas Categorias Benxamín, Alevín, Infantil, Cadete e Xuvenil nas diferentes carreiras que compoñen o Circuíto) e Categoría por Clubs Absoluta (cómputo total de participantes de cada club no resto de Categorias nas diferentes carreiras que compoñen o Circuíto).

II CIRCUITO PROVINCIAL DE CARREIRAS POPULARES DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Sistema de clasificación por clubes	
Por número de participantes en cada carreira. Outorgarase 1 punto por cada atleta do clube ou colexio que finalice a proba.	Pola clasificación xerada en cada carreira. Se considerarán os/as 50 primeiros/as clasificados/as en cada categoría e proba.
• Benxamín 1 punto	• 1: 50 puntos
• Alevín 1 punto	• 2: 49 puntos
• Infantil 1 punto	• 3: 48 puntos
• Cadete 1 punto	• 4: 47 puntos
• Xuvenil 1 punto	• 5: 46 puntos
• Absoluta 1 punto	• (.../...)
• Veterano 1 1 punto	• 47: 4 puntos
• Veterano 2 1 punto	• 48: 3 puntos
• Veterano 3 1 punto	• 49: 2 puntos
• Veterano 4 1 punto	• 50: 1 punto

Sumaranse o número total de puntos obtidos en todas as probas do circuíto e establecerase a clasificación xeral dos clubes, proclamándose vencedor do *II Circuíto Provincial de Carreiras Populares Deputación Provincial de A Coruña* o clube que máis puntos obteña, e así sucesivamente.

Para a clasificación por clubes será necesario que o equipo participe nun mínimo de oito das dezoito probas que compoñen o circuíto tanto na Categoría de Menores (Benxamín, Alevín, Infantil, Cadete, Xuvenil. **(* a día de la primera xornada)**) coma na Categoría Absoluta (resto das Categorías, maiores de 18 anos. **(* a día de la primera xornada)**).

Ningún atleta que se inscriba nunha carreira como integrante dun Club, poderá formar parte doutro club durante o *II Circuíto Provincial de Carreiras Populares Deputación Provincial de A Coruña*, sendo este motivo de descalificación.

Se nas diversas Clasificacións do *II Circuíto Provincial de Carreiras Populares Deputación Provincial de A Coruña* dous ou máis atletas ou clubs estiveran empatados a puntos, a orde de clasificación entre eles determinarase polo

II CIRCUITO PROVINCIAL DE CARREIRAS POPULARES DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

maior número de primeiros postos comparados entre ambos nas diferentes carreiras disputadas, proclamándose vencedor aquel que obtivera mellores postos.

As diversas clasificacións en cada unha das probas poderanse consultar nas seguintes páxinas web: www.atletismogalego.org; www.carreirasgalegas.org ou ben na páxina oficial da Deputación Provincial de A Coruña www.dicoruna.es

PREMIOS Á CLASIFICACIÓN INDIVIDUAIS	
CATEGORÍA ABSOLUTA HOMES	CATEGORÍA ABSOLUTA MULLERES
<ul style="list-style-type: none"> • 1º: 800 euros e trofeo • 2º: 600 euros e trofeo • 3º: 400 euros e trofeo 	<ul style="list-style-type: none"> • 1ª: 800 euros e trofeo • 2ª: 600 euros e trofeo • 3ª: 400 euros e trofeo
CLASIFICACIÓN POR CATEGORÍAS	CLASIFICACIÓN POR CATEGORÍAS
Trofeo ao 1º: Benxamín, alevín, infantil, cadete, xuvenil, veterán 1, veterán 2; veterán 3 e veterán 4	Trofeo á 1ª: Benxamín, alevín, infantil, cadete, xuvenil, veterana 1, veterana 2; veterana 3 e veterana 4
PREMIOS POR CLUBS	
CATEGORÍA ABSOLUTA HOMES	CATEGORÍA ABSOLUTA MULLERES
<ul style="list-style-type: none"> • 1º: 800 euros e trofeo • 2º: 600 euros e trofeo • 3º: 400 euros e trofeo 	<ul style="list-style-type: none"> • 1ª: 800 euros e trofeo • 2ª: 600 euros e trofeo • 3ª: 400 euros e trofeo
MENORES HOMES (Conxunta)	MENORES MULLERES (Conxunta)
Benxamín, alevín, infantil, cadete, xuvenil	Benxamín, alevín, infantil, cadete, xuvenil
<ul style="list-style-type: none"> • 1º: 150 euros e trofeo • 2º: 125 euros e trofeo • 3º: 100 euros e trofeo 	<ul style="list-style-type: none"> • 1ª: 150 euros e trofeo • 2ª: 125 euros e trofeo • 3ª: 100 euros e trofeo

ARTIGO 9.- CLAUSURA.

Fixarase un día para a celebración da entrega de premios e clausura do Circuito no que se entregarán os premios individuais e por equipos do //

II CIRCUITO PROVINCIAL DE CARREIRAS POPULARES DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Circuíto Provincial de Carreiras Populares Deputación Provincial de A Coruña, na sede oficial deste organismo.

ARTIGO 10.- CLÁUSULAS ADICIONAIS.

Primeira: A organización resérvase a potestade de cambiar os percorridos definidos, probas convocadas ou modificar o regulamento, circunstancias que serán comunicadas ós participantes co tempo suficiente.

Segunda: A organización de cada proba, así coma os premios e agasallos que cada organizador considere axeitado contemplar na súa proba, son independentes da organización deste Circuíto, e serán proporcionados polos Concellos ou entidades organizadoras.

Terceira: Ningún atleta federado poderá competir con outro Club que non sexa o que figure na súa licenza correspondente. No caso de que se producise esta situación, o atleta será descualificado automaticamente. Por outra banda, os atletas que sexan sancionados por dopping, tampouco poderán optar ós premios en metálico nin a clasificacións en ningunha das probas que compoñen o Circuíto, nin á clasificación final do Circuíto. Do mesmo modo, ningún atleta que se inscriba como integrante dun club, poderá formar parte doutro club durante o desenvolvemento de ningunha das probas que integran o circuíto.

Cuarta: A participación no *II Circuíto Provincial de Carreiras Populares Deputación Provincial de A Coruña* non supón ningún dereito nin privilexio respecto ás normas e regulamentos esixidos na convocatoria de cada unha das probas, polo que cada corredor/a terá que aceptar as bases que regulen as competicións de cada unha das probas que o integran.

Quinta: Cada unha das carreiras populares que formen parte do *II Circuíto Provincial de Carreiras Populares Deputación Provincial de A Coruña* deberá estar incluída no Calendario de Probas da Federación Galega de Atletismo.

Sexta: A Federación Galega de Atletismo comprométese a apoiar e publicitar cada unha das carreiras populares que formen parte do *II Circuíto Provincial de Carreiras Populares Deputación Provincial de A Coruña* a través da WEB www.atletismogalego.org e www.carreirasgalegas.org así como no programa emitido pola TVG2 Citius, Altius Fortius. **(as probas que se deserolen en**

II CIRCUITO PROVINCIAL DE CARREIRAS POPULARES DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

época de descanso del programa, serán emitidas cando comience de nuevo el programa)

Sétima: Cada unha das carreiras populares que formen parte do *II Circuito Provincial de Carreiras Populares Deputación Provincial de A Coruña* deberán cumprir os requisitos de seguridade que de seguido indicamos.

- Cumprimento das actuais normativas de Seguridade Vial do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia que estipula os requisitos que as autoridades esixen para a autorización da celebración de probas deportivas na vía urbana, recollidos no Real Decreto 1428/2003 de 21 Novembro, publicado no BOE nº 306 do 23 de Decembro de 2003 sobre a ocupación da vía pública
- Contratación dun Seguro de Responsabilidade Civil do organizador, e un Seguro de Accidentes Deportivos para os participantes das diversas carreiras populares que formen parte do Circuito. A Federación Galega de Atletismo porá a disposición do Organizador de cada carreira popular pertencente ó Circuito o seu seguro de Responsabilidade Civil e facilitará un seguro de accidentes para participantes non federados (os participantes federados xa teñen o seu seguro federativo) a un custe moi reducido.
- Peche ó tráfico do circuito.
- Vehículos de apoio.
- Sinalización do itinerario.
- Vehículo de apertura e peche.
- Servizos Sanitarios (médico e ambulancia).
- Persoal auxiliar.

Todos os atletas inscritos nas probas darán por aceptado o presente Regulamento e en caso de dúbida, sempre prevalecerá o criterio da Organización.

ARTIGO 11.- COMITÉ ORGANIZADOR.

- **Presidente:** Persoa designada pola Deputación Provincial de A Coruña.
- **Vicepresidente:** Presidente da FGA ou persoa que delegue.
- **Vocais:**

II CIRCUITO PROVINCIAL DE CARREIRAS POPULARES DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

- Un representante da organización de cada proba que compón o circuito.
- Un representante da Delegación da Federación Galega de Atletismo en Ferrol e Santiago
- Un representante dos concellos no que se desenvolverán as probas que compoñen o circuito.

A súa función principal será resolver aspectos organizativos para garantir o bo desenvolvemento de cada unha das probas.

ARTIGO 12.- COMITÉ DE COMPETICIÓN (Reúnese só en caso de necesidade)

- **Presidente:** Representante da Deputación provincial de A Coruña.
- **Vicepresidente:** Delegado da FGA en Santiago ou Ferrol.
- **Vocais:**
 - Directora Técnica da FGA
 - Delegado en **Coruña**, Ferrol ou Santiago do Comité Galego de Xuíces
 - Tres representantes da organización de todo o circuito de carreiras.

A súa función fundamental será resolver cuestións técnicas que se produzan nas distintas probas e que podan afectar ó circuito (anomalías na participación, clasificacións, etc..)

ARTIGO 13.- DISPOSICIÓNS FINAIS.

Todos os participantes no Circuito, polo mero feito de realizar a inscrición nalgunha carreira popular que o integra, aceptan todas e cada unha das presentes Regras e no caso de dúbida, sempre prevalecerá o criterio da Organización do *II Circuito Provincial de Carreiras Populares Deputación Provincial de A Coruña*.